



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso
administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

Expte. núm. 2026/G010/000008
Sesión núm. 08/2026-Pleno

DECRETO DA ALCALDÍA DE CONVOCATORIA DO PLENO

Segundo o establecido nos artigos 46, apartado 2, da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, 38 e ss do Regulamento orgánico municipal (ROM) e 78 e 80 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais,

RESOLVO

PRIMEIRO. Convocar a sesión que se sinala do Pleno do Concello para a data, hora e lugar que se indican en primeira convocatoria, e corenta e oito horas máis tarde en segunda convocatoria, coa seguinte Orde do día:

Sesión de: Pleno

Convocatoria: Ordinaria

Data da sesión: 25 de xuño de 2026

Hora: 20.00

Lugar: Salón dos Plenos da Casa do Concello

ORDE DO DÍA

1.º Modificación das bases de execución 01/2026: convenio río Maior.

2.º Control da actividade dos restantes órganos da Corporación:

A. Decretos e resolucións da Alcaldía ditados dende o 25 de maio ata o 17 de xuño de 2026 (n.ºs 862 a 1016/2026).

B. Mocións.

C. Rogos e preguntas.

SEGUNDO. Trasladar esta Resolución ás sras. e sres. concelleiros membros do órgano colexiado, advertíndolles que, conforme co disposto polo artigo 12.1 do RD 2568/86, do 28 de novembro, deberán comunicar coa antelación necesaria calquera causa xustificada que implique a súa imposibilidade de asistir á citada sesión.

TERCEIRO. Poñer a disposición das sras. e sres. concelleiros a documentación íntegra dos asuntos incluídos na Orde do día que deban servir de base para o debate e, de ser o caso, votación, na Secretaría do Concello, á parte da súa posta a disposición a través da sede electrónica municipal ou da súa remisión por medios dixitais.

Documento asinado dixitalmente polo alcalde, Óscar Benito Portela Fernández, e pola secretaria do Concello, María del Carmen Seoane Bouzas, o 19 de xuño de 2026